

# O ANTROIDO

Por cinco perros ó mes  
tés ANTROIDO tod o 'ano,  
e sin saír d' a lareira  
á calquera mamarracho



que, con disfraz fai un home  
e sin él é un estropaxo,  
lle sacarás a carántula.....  
si afroxas antesos cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN.

Burricos, Frebeiro 3 de 1887.

Amigo Inocente: Recibin a carta que pol-O ANTROIDO d' o último xueves m' escribiche d' os infernos, e abofellas, si a discricion que d' eles fas, non me puxo, de medo, os pelos d'a cachola tesos como fungueiros: d' estonces o meu corpo parecía o d' un azougado, e xa me contaba perdido si non chego á atopar un remedeo que puxera pas n-a miña y-alma e me barrese a intranquilidá que conmigo iba acabando á forza de cavilar. Pro Dios, que nunca esquece d' os seus, tocounme n-o corazón amostrándome unha lus pra saír d' a escuridá en que tí me meteras.

É o caso, meu amigo, que tendo que facer unha cova pra meter o cadavre d'a filla de Xacome Chupos, morta de nacida, ocurriúseme rexistrar a tua fochanca pra ver si estabas n-ela; e ¡cal non seria a miña admiracion cando dempois de sacar a terra que te cobria erguin a tapa d'a caixa e te vin enteiro e mais teso qu' un carton, dentro d' ela! Aquí hay engano,—dixen pr' o meu chaleque,—a volvin á poñer o conto como estaba pra que non entrase a pidemea c-os veciños, tan aposto era o cheirame que d' o teu corpo voaba. Largueime pouco á pouco pensando e co-as orellas baixas en dreitura á casa d'o crego pra lle dar conta de qu' a cova estaba feita e maormente pra lle preguntar o que me pasara co-a carta e contigo. Pois ben: cheguei á sua casa e a primeira cousa—pois xa non me cabia o pan n-o corpo—foi falarlle d' esta maneira:

—Señor cura: quixera que vostede me sacara d' unha dificultá que se me meteu n-a cachola.

—Cal é, Bartolo?

—Señor, qu' eu recibin unha carta d' outro mundo e n-ela dime o meu amigo Inocente Vexo, que foi parar ós infernos, porque n-a hora d'a morte, co-a forza d'a delor betou un xuramento dempois de s' haber confesado e comulgado.

—É ben, e qué?

—Que pra m' aserxeorar de qu' estaba n-o inferno, descubrín a cova d' él, e vin-o alí tan teso e tan quedo como cand' o metín n-ela.

—Certamente qu' o verias; mais non vichel-a y-alma, qu' é a qu' está penando pra sempre.

—¡Ay, señor cura! ¿e d'estonces porque vostede di ós filigreses, e a cartilla d' a doutrina tamen o reza, qu' os que van ó inferno van en corpo e y-alma?

—Dicímolo pra que.... ¿entendes ben? é porqu' os que tendes curiosidá por saber o qu' aló pasa sodes unhos... burros, ¿entendiche? que nunca podredes como nos, alcanzar o qu' eso significa.

—Eso está, ben: pr' ó cabo vostede non desfixo o novelo e déixame n-a mesma duda que tiña.

—Desfeito está, Bartolo: ¿non ves que si ti e os mais d' a parroquia soubérades tanto com' os cregos, d' estonces non me necesitábades pra nada? Tí sigue traballando como de cote, e d' esa maneira poderás dar moitas misas á Irexa, qu' é o prencipal, pra qu' as almas d' os teus parentes sallan logo de penas.

—Pro señor cura: si as almas non han de ser xugadas hastra o fin d' o mundo en que todos nos hemos de presentar diante noso Señor c-os mesmos corpos e almas que tuvemos ¿como pode ser eso de que desd' o auto qu' un morre xa vai dreitamente pr' ó ceo, pr' o inferno ou pr' ó purgatorio, cand' a cartilla d' a doutrina reza diferente?

—Digoche Bartolo, qu' eres muy linguateiro e que d' estas cousas sabes tanto com' a miña besta: e aconséllote pol-o teu ben, que non botés a lingua á pacer entr' os veciños. Si tes cobiza d' o qu' eu gano por dirixir as almas encamiñandoas pra ó outro mundo, non che teño culpa, estudearas pra crego é serias com' eu son. Vótaste de leido e vaiche salir car' ó conto.

—Está ben señor cura; pro eu non teño cobiza nin son leido, mais fame cóchegas ó que vosté non m' esprique..

—Basta de leria' qu' a culpa non é tua si non miña ó dar oidas á xentes incrantes.. Vaite se non qués que m' enfado.

Salín d' a casa d' o crego mais triste qu' a noite, pensando en qu' me iba sacar o emprego d' enterramortos por lle facer preguntas ás qu' él nin naide pode contestar; mais dempois que votei un coarterrou d' aguardante xa me puxen aente e cavilei qu' anque m' o

quite, eu teño forzas n-as mans pra traballar com' has-  
tra aquí e darlles ós meus filiiños broa e escola: pro él  
s' a xente abr' ó ollo e s' adecata que mil demcs de na-  
da val todo canto fai... ¡como sudo! quedache lucido sin  
saber manexar ó legon....

Xa se fai demasiado longa esta carta, mais antes  
d' acabala, debo darll' as gracias ó redautor d' O AN-  
TROIDO que s' valeu d' o nome d' meu amigo pra me  
bromear e metéreme medo c-o inferno: ben as merece  
por que, digo a verdá; s' él non é, estaria tod' a vida  
metido n-a calle d' as bestas.

BARTOLO.

NON FALES D' ESO.

(CONTO.)

I  
Aló, unha tarde,  
Fai algun tempo,  
A garridiña  
Rosa d' Anxelo,  
Gardab' o gando  
Qu' está pacendo,  
N-o chan deitada  
Pilland' o fresco,  
Baixo d'as follas  
D' un castifeiro.  
Mellor paraxe  
Non pode habelo;  
E-vos un campo  
Tras d' uns penedos,  
Onde hay carballos,  
Chopos e texos,  
Vimios e buxos,  
Chorons, lauriers,  
Moitos froitales  
Grandes, pequenos,  
De cantas castas  
Podás querelos.  
¿E de páxaros?  
Hai-nos á centos:  
Sirins, labercas  
Xilgaros, méltros,  
Pombas, carrizos,  
Pardillos, petos,  
Curuxas, mouchos  
E lagarteiros.  
Acolá en baixo  
Sobr' o rigueiro,  
Feito de taboas,  
Vese un pontello  
Xnnt' o muiño  
Que está moendo,  
De verdes ed. ras  
Todo cuberto.  
Onse ali atruxos  
Cántegas, berros,  
Que dan os mozos  
Que van direitos  
A unha ruada  
Qu' hay en San Pedro;  
E os cans que ladran  
Xunt' os paleiros.  
Mais este dixe

Sólo de lexos,  
Pois cabo Rosa  
Todo está quedo;  
Nin unha folla  
Sacod' o vento.  
E solo a auga  
Que leva un rego  
Limpiña, crara  
Como un espello  
Vai entr' as herbas  
Rebullecendo.

II

Era Rosiña  
Roxa d' o pelo,  
Cara fidalga,  
C' uns ollos negros  
Mais qu' as amoras  
Madurecendo.  
Brancos os dentes,  
Labres bermellos,  
Com' as cereixas  
Son n-o seu tempo.  
Fina d' o corpo,  
Resia de peito  
E direitiña  
Como un esteo.  
Leva vestido  
Pano marelo,  
Dengue escalrata,  
Dourado adreso,  
Camisa branca.  
Fino mantelo  
¡Ay! era Rosa,  
Vállam' o ceo,  
A mais garrida  
Moza d' Oleiros...  
¡D' Oleiros dixen!  
Non, non é certo:  
Dende Betanzos  
Hastra Monelos,  
Ganando á volta  
Moito mais lexos,  
Por Vilaboa,  
Ancéis, Albedro,  
Nós, hastra Guisamos...  
Non toparemos  
Unha rapaza  
De mais proveita,

Mais cobizada  
De mellor xenio.  
Anque deitada  
N-o chan a vemos  
Ela non dorme  
Nin moito ménos,  
Que ten entrambos  
Ollos abertos.  
¿Qu' é o que lle pasa?  
Non sei; direitivos,  
Qu'ela sospira  
Decote á eito;  
Qu'os seus olliños,  
De bágoas cheos,  
No chan encrava  
Sen conocelo;  
Qu'algo lle bule  
No pensamento...  
—¿E mal d'amores?  
Xa ó saberemos.

III

Quedo, axexando  
Tras uns codesos,  
Estaba o mozo  
Xan de Lourenzo.  
Saleu d' a casa  
Sendo inda neno,  
E d' unhas terras  
Que non relembro,  
Volveu un home  
Feito é direito,  
Coñ alguns cartos,

Pol-ó Xaneiro.  
D' unha perxada  
Brinc' o portelo,  
E cabo Rosa  
Foise moi tesoro.  
Xan non vos era,  
¡Lévem' o demo!  
Nengun queicoa,  
Nengun babeco,  
Nin unha miga  
Curto de xenio.  
Moi pol-a contra;  
Era un compreto  
Rapas d' as festas  
De moito xeito,  
Cacho d' abondo  
Moi paroleiro.  
A caron d' ela  
Foise poñendo,  
E agarimouse,  
Pilluoll' os dedos,  
Que ll' estricaba  
Sin retorcerllos.  
Un bon anaco  
Caberon quedos;  
Pason un pouco...  
Xan, medio cego  
E papexando  
Com' un tatexo,  
Díxolle:—Rosa  
Xunt' a ti veño,  
Para contarche  
Tod' o que penso.

(Concruíruse.)

MALES D' A EMIGRACION.

(Historia d' actualidá)

(Concrución.)

III.

Pasou o tempo.

Mingos entrou n-as quintas; e como non acodiu ás  
que lle fixeron, y-ademais naide puxo esceucion pra libral  
servicio d' o rey, a xusticia tomou man d' os poucos bés q  
ñan os pais, sendo tal a pena que estes sintiron, que non p  
do resistir ese aldraxe, baixaran á cova un á seguida d' o  
quinze dias de pois de feito o embargo.

Rosiña, presa d' a malenconia, ben pronto lles debia  
compaña, pois non tiña forzas pra ver con indefrenza a de  
cea d' os pais d' aquel á quen tanto quería e que en pag  
seu cariño, lle deixara o recordo de dias mellores.

Unha mañán ergueuse como sempre á saída d' o sol, lav  
peinouse e foi botar millo ás galiñas, cando reparou qu' o  
teiro traguía un sobre n-a man e camliaba en direitura á  
d' ela; o curazon doulle un brinco de alegría e correu o set  
contro.

A carta era de Mingos; viña d' o Rio Xaneiro, e dicia  
"Miña querida prenda: ó cabo de dezaseis dias de ma  
aven a fortuna de chegar vivo á esta cibdá, n-a que pidi  
"ballo sin que naide m' escoitase; cheo de fame metime  
"de corda, pro tamen pasei moitos dias sin ver o pan; hoxe  
"dous reas, c' os que comprei algo de comer y-os manestan  
"che esquitibit, cal era o meu desexo, e dicirhe que drento  
"has semanas volverei a esa meiguilla terra. Quero ver  
"se, e pedirhe perdón por non seguir o teu consello."

"Dalle moitas mamorias a teus pais y-os meus, e recibe unha aperta d' o que te adora.—Mingos."

Rosa léu e léu o papel sin poder apartar os ollos d' el, entramentras que decia para si:

—Coitadiño!... ò fin virá; pro xa non ten pais; él non-o sabe él coída que inda alentán, é vai a levar o mais fero d' os disgustos; eu deberia esquencelo, mais non podo: ¡que bô mozo eral!

E refreusionando d' este xeito, gardou e carta n-o bolsillo d' a saya, sin darlle coñecemento d' ela a seus pais.

Ó promediar un dia d' o mes de San Mingos, catro meses dempois d' os acontecementos xa ditos, un vello, descalzo co-a roupiña en anacos, chamaba a porta onde estiveran os pais de Mingos. Aquel vello era o seu fillo, que estonces tiña vinte-tres anos. Coimo naide lle respondese, buscou á seus parentes, os qu' o enteiraron d' a morte, asombrándose de miralo tan probiño e dándolle cama e comida.

Mais tarde se arrepentia d' a sua falcatrua; a fame que pasara lonxe d' a terra, arrimáraselle ò peito y-os dous días ali morreu sin tór o pracer de que Rosiña acollese o seu derradeiro sospiro.

Eu confeso qu' ò contarme esta hestoria chorei pensando cantos hay que sofren a mesma sorte que Mingos por guiarse de galopís que lle fan ver o que non é; por dar creto a minteiros que sin concencia nin amor ò santo lar onde naceron, gózanse en botal-os pol-o mundo adiante pra qu' a morte faga a sua colleita y-os negociantes de sangue humana se aporveiten zungándolle hatra á derradeira pinga, facéndoos traballar noite e dia e despidíndoos cando xa ven o pastasma d' a enfermidade en col d' os infelices que, obedecendo estonces a voz d' o desseo, volven á pátreas, si dinantes non deixan alá os hósos.

E inda haberá gallegos que soñen con trocar esta terra onde o ceo derramou toda clás de bondades, por outra que, anque sea boa non pode tór comparanza co-éla?

E inda haberá quén atenda as barballoadas d' os tratantes de xente?

¡Dios o faga millor!

R. Pesqueira Crespo.

## COMPARSAS E TRANGALLADAS

O sábado último celébrouse en Aranzuez, baixo a presidencia d' a reina rexente, unha festa pra comemorar a fundación d' o Asilo d' horfos de....

—¿De probes albañiles ou carpinteiros desgraciados n-as obras?

—¡Ca!

—¿De mariñeiros navegantes ou pescadores?

—Nin por asomos!

—¿De mineiros, de traballadores d' os camiños de ferro, d' industriais d' artistas?

—Non-o acertades. Os fillos de todal-as clases que citáchedes, quedalles por herencia ó morrer seus pais.... a caridá pública ou a oficial, e anque seus pais fundaran un asilo pra eles, seria c-os seus cartos e non-o costearia o Estado con 155.860 pesetas, qu' é a cantidá con que vosoutros carpinteiros, albañiles, labregos, mariñeiros, monestrais todos, auxiliades, mal que vos pase, o tal asilo, porqu' así o dispúso vós administrador e tutor o Goberno.

Mañan, si ò toparos n-o alto d' unha estada, ou leitando co-as olas d' o mar, ou abrindo un tunel, su-

cumbides; si a forza de baixar o lombo sobre a caixa d' a imprenta ou sobre a pedra d' o litógrafo morredes tísicos, vos os fillos, ó estender o pucho furado pol-a vellez, en demanda d' unha limosna que nonalcontran, volverán os ollos cheos de vagoas contra o ceo buscando n-él o voso espirtu pra maldecirvos porque non tuvéchedes o acordo de fundar un asilo pra os fillos d' o traballo, e infruxo bastante pra lograr qu' o Goberno, por medo, por preferencia ou pol-o que sea, axudase a benéfica empresa con 155.860 pesetas ó ano.

En boa hora que, pol-a iniciativa particular, s' establezan sociedades de proteución pra todol-as persoas e pra todol-os fii d' a vida; pro, ¿porqué o Estado, que moitas veces pon travas ás asociaciós populares que teñen por ouxeto defenderse d' a miseria, fai de padriño n'un asilo d' horfos de militares, regalando talladas á costa d' o pais?

¿E a clás militar a mais necesaria e beneméreta d' a pátreas? Aínda qu' o fora eran inxustas as preferencias. ¿E, quizáas, a que menos probabilidás tén de poder facer aconomías pra deixar ós seus fillos a sustentencia asegurada? Ó contrario, porqu' as pagas d' os xefes e oficiais gardan tal desproporcion c-o que producen industrias, comercio, profesiós e artes, que mette cobiza á todol-os demais cibdadanos d' asentar pra-za d' alferes ou xeneral.

D' estonces, ¿cómo se xustifica ese luxo e esas preferencias en favor d' unha sola e úneca clás d' a sociedad? ¡Ay, xa cayó d' a burra en baixo! Eu creo, e Dios m' o perdoe si m' aquivoco, qu' é porque constituindo esa clás a forza pública conven agasallala, porque n-a sua man está facer ou desfacer, e así mesmo facían os Césares romanos c-o goardiá pretoriana, pra conservalo poder.

Pobre pais n-o qu' os gobernos teñen por pauta, non a equidá e a xusticia, sinon a especulacion d, apadrinar e protexer unha clás.... porque si, mentras se esquencen d' as outras que ximen estruxadas baixo d' o engranaxe d' a máquena administrativa, e non figuran mais que pra sudar e pagar, sumandoas ou restandoas n-as uchás sin fondo d' o Erario.

A duas persoas d' esas que por desgracia sua creen pouco (ou non crén nada) d' o qu' os cregos padrican, chamoulles a atención qu' un d' esta clás, d' a aldea, vestido de siñor con sombreiro hongo e todo, se fose á sentar, o dia d' o pirmeiro, frente a tenda qu' os protestantes poñen os dias de feira n-o canton de San Roque, pra vender libros e padricar a sua relixon. Pasaba eu por ali, e preguntáronme aquelas o meu parecer acerca d' o asunto; espriquelles que nada tiña de particular, pois sumpria o crego co-a sua obrigacion coidando qu' a suas ovellas non fosen á pacer n-aquel prado, n-o cal habia herbas dañinas. Votáronse á rir e fixeron bulra de min, dicíndome que non sabia d' a misa a media.

—Non ves, burran,—me dixeron—que si as ovellas teñen fé n-a herba qu' o crego lles dá pouco importa qu' un d' outra relixon lles diga qu' a herba sua é millor? Pro como non-a teñen—siguiron dicíndo—porque si lles dan herba que lles enche o estómago d' a y-alma, en cambée eles enchen o estómago

d'o corpo co-a láa qu' as ovellas criau á forza de traballo; d' ahí qu' éstas anden buscando, e non atopen, por bestas, o medio de qu' a láa lles quede pra manter os fillinos e pagal-as contribuciós, e non pr' o crego, que maldit' o que suda pra se dar boa vida de folga, mentras qu' o probe labrego suda sempre c-o traballo e come peor qu' os porcos n-a vila.

—¡Sodes uns Xudas!—berrei fora de min,—e desde hoxe despreceo a vos' amista: burrans sodel-o vos-outros, que non acabades d' entender qu' ó crego hay que mantelo porqu' é un home com' os mais e v' ve d' o seu oficio; e si ben é certo que Xasucristo lles dixo que "desen de valde o que de valde d' El recibiron", aviados estaban os probiños si non comeran e roeran por conta d' os filigreses; os cales. ó fin e ó cabo, canta mais penuria, fame e miseria pasen n-a terra, maor será o quifion de gloria qu' aló han d' atopar.

Así falei, e funme facend' o propóseto de non parolar xamais con xente tocada pol-o espírito d'o demo, é decir, d'o progreso.

Si lles contestei ben ou mal, como católeco romano que son, os leutores o dirán.

Si topades n-o camiño d'a Enfesta e dempois d' anoitecido unha certa individuoa que c' unha cesta ou un bulto calquera n-a cabeza somella, andando de Ceca pra Meca, que vai á algun mandado, chamádevos á engano, porqu' a tal é unha buscona, com' as chamaba o meu compadre Quevedo.

A outra noite, sin ir mais lexos, topouna un meu amigo e dempois d' un rato de leria, vendõ éla que non lle saían ven as contas, sacou d'a liga un chisme de cortar, e non sei eu en qu' houbera parado o caso si o tal non lle dá sebo ós pés.

O rapaz non foi prudente,  
pois co-estas raparigas  
así de xenio doente,  
é bó rexistrarl' as ligas.

Chamamos a atención á nos' autoridá local e sobre todo á polecia, pra que vixilen os pasos de certa muller que, c-o agallo de pedir limosna, entra n-as casas pra facer d' as suas.

Onte mesmo socedeu o que referimos n-a casa d' un noso amigo, e pol-o que se di á muller é de malas mañas e o seu home estivo comprieado fai pouco tempo n-unha causa criminal.

¡Siñor Nuñez, vosté qu' é cabo d'a ronda municipal, poñ' á bõn recaudo á individuoa de que falamos.

Gracia qu' esperan alcanzar as portas e pechaduras, e pol-a que... etcétera.

Si autoridá se levantara cedo un dia de feira e quixera dar unha volta pol-os Portás d'o Campo, viria qu' os veciños d' a Calexa sin saída quedan encomunicados hastra media mañá c-o resto d'a vila, porque lle cerr' a entrada a feira de xuvenos qu' ali se fai.

¡Poderáse remedear est' abuso? Nos-outros cremos que se remedará.

A hora de cerrar este número, aínda n' o chan media dúcia d' esqueletos de casas apuntaladas y-outras sin apuntalar, están á que pase á veira moita xente xunta pr' a

O qu' élas din: "Xa qu' o señor alcalde n' so de nos, habemos de facer unha que sea s

O baile d'as Candeas n-o Liceo estivo bon, a tratar de describilo é unha toleria, porqu' palabras bastantes pra dar colorido á aquel de bõn gusto, hermosura e elegancia. ¡Estrey, ben satisfeto! Pidir mais fora xa galdn ¡Adiante, rapazas e rapaces, qu' eu logo mo pois... companas por gaitas!

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

J. FRANCO RANGA

FOTÓGRAFO.

63,—Rúa-Nova,—63.

Eseusado é dicir a prefeucion e esaut que dito fotógrafo executa cantos traball' encargan, como tamen a nunca vistura no preceo d, as suas obras.

Sigue retratando o mesmo os dias como n-os nubrados ou chuviosos.

Retratos á REAL.

XOSÈ AMADO

36,—CANTON GRANDE,—36.  
BETANZOS.

O repito, anque xa o saben veciños e forasteiros:

título de profesor

pra arregrar barba e cabelos,

o púbrico dá en rusticia

á Xosé Amado o barbeiro,

úneco que vai c-o sigr

n-a elegancia e n-o bó xeito.

El non escatima os cartos

en perfumes estranxeiros,

en xabons d' última moda,

en navallas y-en cosméticos.

Entra n-o establecemento

con polvo n-a chola un vello,

y-ós dez minutos ve un xoven

en un manífico espello.

O que veña de Madrid,

de París ou de Burdeos,

si vai á sua barberia,

non bota nada de menos.

Si él chega á saber qu' o alabo

rábea, porqu' é moi modesto;

mas en berro: *Non plus ultra*

Xosé Amado entr' os barbeiros